




PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00



Asociación galega de axuda aos enfermos con demencia tipo Alzhéimer

Plan de actuación AGADEA COVID19

**Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela**

Situación excepcional Covid19

E-818-C-001

Email: agadea@agadea.org // Teléfono: 647 507 053



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

DEFINICIÓN

Neste plan establécense as pautas de actuación precisas na actividade do Centro de Estimulación Terapéutica AGADEA de Santiago de Compostela co fin de minimizar o risco de contaxio da COVID-19.

OBXECTIVOS

Minimizar o risco de contaxio por SARS-CoV-2 nas persoas usuarias e profesionais do centro, tendo en conta as particularidades do mesmo.

Identificar casos sospeitosos e seguemento dos contactos estreitos.


Establecer unha guía de actuación para dar unha resposta eficaz no caso de identificación dalgún caso sospeitoso.

RESPONSABLES DO PLAN


A persoa que ocupa a dirección do centro (Psicóloga) é a **coordinadora de todas as actuacións deste Plan de Acción** ante a COVID-19.

No caso de que esta persoa causara baixa por calquera circunstancia pasaría a ocuparse da coordinación do Plan a **Xerocultora**.

A partir da data de elaboración deste Plan de Acción créase un **Comité de Coordinación** para a súa actualización, implantación e seguemento. Este Comité estará formado polas seguintes persoas cuxas responsabilidades e funcións se describen a continuación.

	PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA Centro de Estimulación Terapéutica Santiago de Compostela E-818-C-001 <i>Situación excepcional Covid19</i>	Data: 13/07/2020 Revisión: 00
--	---	----------------------------------

INTEGRANTES	RESPONSABILIDADES	FUNCIONES
PROFESIONAL 1 PSICÓLOGA	Formativa	Formar ao resto de persoal sobre o brote da COVID-19 e o seu impacto, medios de contaxio e prevención, antes e despois da reapertura. Formar ao resto do persoal na implementación do Plan de Acción, antes e despois da reapertura. Planificar accións formativas para a educación sanitaria sobre hixiene de mans e hixiene respiratoria ás persoas usuarias, despois da reapertura. Dar pautas de hixiene no domicilio ás persoas usuarias e as súas familias antes e despois da reapertura.
	Coordinación e comunicación	Manter as comunicacións co Centro de Saúde; asemade co Servizo de Medicina Preventiva e/ou outras autoridades sanitarias si fora preciso, antes e despois da reapertura. Manter as comunicacións cos servizos de restauración/catering e transporte, antes e despois da reapertura, informando do Plan de Acción e verificando que as medidas que estes provedores críticos implementan, son as incluídas nos seus procedementos. Chamar diariamente, antes do inicio do servizo, ás persoas usuarias e familias para recabar información sobre posibles incidencias que teñan que ver coa COVID-19. Manter comunicación fluída coas familias das persoas usuarias para recabar os datos precisos para o reinicio e para a atención da persoa usuaria no centro, así coma seguemento no caso de non poder acudir ao mesmo.
	Seguemento e actualización do plan	Manter o Plan de Acción actualizado tendo en conta as indicacións das autoridades sanitarias e as posibles modificacións de organización do centro. Velar polo cumprimento do Plan de Acción por parte de todas as profesionais e persoas usuarias.
	Seguemento	Seguemento da adopción de medidas de prevención de contaxio por parte das persoas usuarias das que é profesional de referencia. Manter un seguemento exhaustivo das persoas usuarias para a identificación de síntomas respiratorios.
	Manexo documental	Comprobación da actualización dos datos de contacto dos/as profesionais, das persoas usuarias e familiares.

	PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA Centro de Estimulación Terapéutica Santiago de Compostela E-818-C-001 <i>Situación excepcional Covid19</i>	Data: 13/07/2020 Revisión: 00
--	---	----------------------------------

		Elaboración das actualizacións do Plan de Acción e das accións que se deriven del. Elaboración de rexistros que se deriven deste Plan e seguemento dos datos. Actualización da programación de traballo do centro tendo en conta as indicacións do Plan de Acción.
	Control e estimación de stocks	Rexistro de inventario coa entrada e saída de material. Petición á dirección para aprovisionamento de materiais.
	Procesos de limpeza	Proposta de actualización e seguemento do Plan de limpeza e para cumprir as recomendacións que minimicen riscos de contaxio (sobre ventilación; limpeza de superficies...).

PROFESIONAL 2 XEROCULTORA	Coordinación e seguemento	Manter canles de comunicación fluída coa profesional 1 para o seguemento e actualización do Plan de Acción.
	Seguemento	Xunto ca profesional 1 seguemento da adopción de medidas de prevención de contaxio por parte das persoas usuarias. Manter un seguemento exhaustivo das persoas usuarias para a identificación de síntomas respiratorios.
	Rexistro e estimación de stocks	Xunto ca profesional 1 rexistro de inventario coa entrada e saída de material.
	Procesos de limpeza	Xunto ca profesional 1 seguemento do Plan de limpeza para cumprir as recomendacións que minimicen riscos de contaxio (ventilación, limpeza de superficies...).
	Procesos de hixiene de mans e manexo de residuos	Control e abastecemento diario do seguinte material: xabón de mans; papel secamáns en todos os lavabos do centro, solución hidroalcohólica, bolsas de lixo, ...



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Todo o persoal do centro ten a obriga de seguir escrupulosamente as medidas establecidas neste Plan.

A información contida neste Plan de Acción será transmitida ao persoal tanto con copia impresa que quedará **no taboleiro do despacho do centro**, como persoalmente a través de correo electrónico. Todas as decisións que se tomen estarán incluídas neste Plan de Acción para o necesario e obrigado coñecemento de todo o persoal.

É fundamental a explicación pedagóxica deste Plan ás persoas usuarias e ás súas familias (farase entrega dunha guía para familias), en termos e forma comprensibles, non soamente no que lles afecta directamente, senón en todos aqueles hábitos das profesionais ou das actividades que van mudar na súa estancia no centro. Entender o motivo de por que facemos as cousas axudará ao mellor cumprimento de todas as medidas que debamos implementar.

A continuación, detallarase información acerca dos seguintes puntos:

1. INICIO ACTIVIDADE

2. ESCENARIOS

Este Plan consta de 2 escenarios:

- **ESCENARIO 1. PREVENCIÓN:** Todas as persoas usuarias están sen síntomas e non temos constancia de contacto estreito con caso posible ou confirmado coa COVID-19.
- **ESCENARIO 2. SOSPEITA DE INFECCIÓN:** Persoa usuaria con síntomas ou da que temos constancia de contacto estreito con caso posible ou confirmado da COVID-19.

En cada un dos escenarios establécense as medidas a adoptar para:

1. Acceso ao centro.
2. Adecuación de espazos.
3. Atención a persoas usuarias.
4. Limpeza.
5. Eliminación de residuos.
6. Xestión de material.
7. Medidas de prevención de riscos do persoal



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

1. INICIO ACTIVIDADE

Previo ao inicio da actividade da persoa usuaria no centro, realizarase unha entrevista coa familia co fin de valorar os cambios existentes con respecto a diferentes áreas (alimentación, baño, etc.), cumprimentándose o **Anexo II (Entrevista reinicio do Servizo)**.

Realizarase unha avaliación e rexistro diario de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2, tanto do persoal traballador como das persoas usuarias ao chegar ao centro mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica que se describe no **Anexo I (Enquisa clínico-epidemiolóxica COVID-19 do Plan de reactivación no ámbito sociosanitario) en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2 publicado pola Xunta de Galicia**. Habilitarase un espazo no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado (Sala de Fisioterapia).

O novo persoal que se incorpore ao centro debe realizar unha enquisa do entorno de convivencia, actividade laboral previa e concomitante (**Ver Anexo III. Enquisa traballadoras nova incorporación**).

Así mesmo, as familias firmarán o **Anexo IV (Declaración responsable)**, conforme se comprometen a informar de calquera síntoma que aprecien tanto na persoa usuaria como en familiares.

2. ESCENARIOS

ESCENARIO 1: PREVENCIÓN

1. ENTRADA/SAÍDA CENTRO

Seguindo as pautas ordinarias, debemos de ter constancia documental diaria de todas as persoas usuarias e profesionais que acceden ao centro. Asemade rexistraremos diaria e nominalmente outras persoas que poidan ter contacto coas persoas usuarias (agás as súas familias) e profesionais no ámbito do centro (como pode ser o caso, entre outros/as, de provedores, acompañante transporte, etc.) (**Anexo VI: Listaxe profesionais alleos ao centro que precisan acceso**).



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

1.1. PERSONAS USUARIAS

As familias deberán esperar no exterior do centro e timbrar. Será unha traballadora quen se acerque a recibir á persoa usuaria á porta da entrada. A familia non entrará no centro (salvo excepción).

Se as persoas usuarias viñeran en transporte colectivo, o persoal acompañante da empresa de transporte acompañará á persoa usuaria ata a porta do centro e alí a recollerá o persoal do mesmo.

Deberán de traer do seu domicilio máscara ou cubre bocas. Na medida do posible, recomendarase o seu uso durante a estancia no centro, tendo sempre en conta as especiais características das persoas usuarias.

Tomarase a temperatura corporal mediante termómetro de infravermellos, tanto á entrada como á saída do centro. En caso de que a temperatura nos indique febrícula ou febre ($>37'5^{\circ}\text{C}$) non se permitirá a entrada da persoa ao centro.



Na porta de entrada dispoñeráse de solución hidroalcohólica para desinfección de mans da persoa usuaria e spray desinfectante para calzado ou alfombrilla desinfectante.

Tanto os bastóns como os andadores e as cadeiras de rodas se desinfectarán, tanto as rodas como as manetas, repousabrazos e dispositivos de freno, segundo corresponda.

Dispoñeráse dunha cadeira para que se senten os usuarios con dificultade para levantar MMII, para poder aplicar spray desinfectante nas suelas dos zapatos e pór as zapatillas que utilizarán no centro.

Indicaremos que deben traer un calzado que permanecerá no centro e que se poñerá antes do acceso ás salas comúns, no espazo destinado a tal fin.

As chaquetas, bolsos e demais obxectos que non se vaian precisar durante a estancia no centro pediráselle ás familias que as leven de volta ou, en todo caso, quedarán ubicadas nos casilleiros individuais, así coma os produtos de apoio que non sexan precisos durante a estancia. En todo caso, no plan de limpeza debe preverse que, de precisar usar ditos produtos de apoio, serán desinfectados debidamente.

Só se permitirá que a porta de entrada se abra desde dentro.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

A chegada das persoas usuarias ao centro debe realizarse de forma escalonada, de maneira que non coincidan aglomeracións de familiares na porta, podendo establecer un horario de chegada para cada familia. En caso de coincidir varias familias, estará indicada a distancia de seguridade con sinalización visual.

Para saír do centro os familiares deben informar da súa chegada (tocando o timbre) sen entrar ao mesmo, e unha traballadora acompañará á persoa usuaria ata a porta de saída.

1.2. PERSOAL

Uniformidade:

O persoal entrará vestido con roupa de rúa. No hall da entrada queda habilitada unha zona para que as traballadoras cambien o calzado antes de acceder ás instalacións. Igualmente, desinfectarase debidamente o calzado na entrada do centro.

O uniforme completo que se está a usar estará no centro en bolsa pechada e no casilleiro individual.

A profesional porá o uniforme e meterá a roupa da rúa noutra bolsa pechada diferente á do uniforme.

Rematada a quenda sacará o uniforme antes de saír do centro e devolverao á bolsa pechada.

Cando sexa preciso lavallo sacaráo tamén en bolsa pechada.

Medidas de autoprotección:

Tomarase a temperatura ao inicio da xornada laboral con termómetro infravermellos (**Anexo V. Medida temperatura diaria com termómetros infravermellos**).

As unllas deben levarse curtas e coidadas, evitando o uso de aneis, pulseiras, reloxos e outros adornos, así como o cabelo recollido.

Na medida do posible manterase a distancia de seguridade de 2 metros ou como mínimo de 1 metro; de non ser posible extremaranse as medidas de hixiene e protección mencionadas neste plan.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Lavar as mans/desinfectarse frecuentemente segundo as indicacións da cartelería dos cuartos de baño. Lavaranse á entrada e saída do centro e trala atención con contacto con calquera persoa usuaria ou compañeira.

Emprego de máscara cirúrxica durante a xornada laboral. Suxírese tamén o uso de pantalla protectora onde, da maneira que resulte mais óptima, poñeremos o noso nome para facilitar a comunicación coas persoas usuarias. Durante o tempo de merenda si será de obrigación o uso da pantalla protectora.

Colocar unha máscara cirúrxica a toda persoa usuaria con sintomatoloxía respiratoria cando sexa atendido por un traballador ou se atope a menos de 2 metros doutra persoa (sempre que sexa posible polas características da persoa usuaria) (exemplo: nos aseos).

Emprego de luvas tal e como se viña facendo con anterioridade ao estado de alarma. O utilizar luvas non exime de realizar a correcta hixiene de mans tras a súa retirada.

Na sala de fisioterapia estarán a disposición das traballadoras os equipos de protección, así como un contenedor para depositalos tras o seu uso.

Cubrir a boca e o nariz ao tusir e esbirrar con panos de papel e tiralos ao lixo tras un uso e despois lavar as mans. Pódese tamén tusir no cóbado flexionado para evitar a contaminación das mans.

Evitar tocar coas mans os ollos, o nariz ou a boca.

Quendas e programación de traballo:

As quendas de traballo serán as necesarias para manter un horario de atención ás persoas usuarias.

As quendas poderán sufrir variacións en función da evolución do impacto da pandemia.

A programación do traballo do centro modificarase en función das medidas de prevención establecidas neste Plan polo que pode sufrir variacións en función das actualizacións do Plan, anexándose cada unha das actualizacións.

As funcións das profesionais flexibilizaranse, atendendo a unha maior necesidade de garantir o cumprimento estrito de medidas de hixiene e limpeza no centro.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Alertas:

Se algunha persoa traballadora ten contacto directo ou indirecto fóra do centro con algunha persoa diagnosticada coa COVID-19, deberá chamar á coordinadora deste Plan de Acción (Psicóloga) e poñerse en contacto coa profesional de referencia dos servizos sanitarios, seguindo as instrucións que se lle faciliten polas autoridades sanitarias.

Se algunha traballadora na medición da temperatura na entrada ao centro tivera febre, non poderá acceder ás instalacións. Porase en contacto coa Coordinadora do Plan (Psicóloga) e acudirá aos servizos sanitarios seguindo as súas indicacións. Se os síntomas sobreveñen durante a xornada laboral seguiranse as indicacións do ESCENARIO 2.

1.3. PRESENZA DE FAMILIARES

No caso de que no horario do centro se precise que un familiar acceda por motivos xustificadas (indisposición da persoa usuaria, cita médica ou outras causas debidamente xustificadas) accederá só ata a entrada do centro (*hall*). Deberá entrar con máscara ou tapa bocas e previa desinfección do calzado. Indicaráselle que non debe tocar ningún obxecto ou mobiliario e se o ten que facer desinfectarase inmediatamente.

No caso extraordinario de ter que acceder ao centro, poderá facelo un familiar por persoa usuaria (valoracións preingresos, atención psicolóxica, asesoramento e información, etc.). O familiar que queira acceder deberá desinfectarse e logo timbrar. Non se recomendará, a través dunha sinalización visual, tirar da porta, sendo o persoal do centro o encargado de abrir a mesma.

O/a familiar deberá lavar as mans e/ou aplicar solución hidroalcohólica.

Será o persoal do centro quen acompañará á persoa usuaria á entrada e axudarlle, de ser o caso, a poñer a chaqueta e coller as súas pertenzas. Se é preciso acompañará ata a porta á persoa usuaria e ao familiar. Se precisa acompañalo/a ata o vehículo, aínda que non se trate dunha circunstancia que teña que ver coa COVID-19, deberá poñerse a bata e cambiar o calzado antes de saír.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

1.4. PROVEDORES

Con acceso permitido pola xustificación do seu traballo:

Pediráselle que aplique xel hidroalcohólico na entrada do centro e antes de realizar a súa labor. No caso de non ter calzado exclusivo para usar no centro, pediráselle que desinfecte o calzado e/ou proporcionaráselle protección (calzas).

Cumprirá todas as recomendacións hixiénicas establecidas para as visitas.

Só terá permitido o acceso á/s estancia/s onde teña que realizar a súa tarefa.

Pediráselle que toque o menor número de elementos posibles do centro: pomos, chaves de luz, superficies...

Desinfectarase a estancia na que estivo tras rematar a súa tarefa.

Elaborarase unha listaxe de persoas que acoden ao centro para facilitar o seguimento dos contactos se fora necesario (**Ver Anexo VI. Listaxe profesionais alleos ao centro que precisan acceso**).

Sen acceso permitido por non estar debidamente xustificado o seu acceso:

Deixarán o material na porta do centro e a persoa que acuda a recepcionar será quen o traslade ao lugar correspondente dentro do centro, previa desinfección do mesmo.

2. ADECUACIÓN DE ESPAZOS

Recomendacións xerais:

Antes de entrar ao centro, realizarase a desinfección do calzado da rúa. Unha vez dentro, no *hall*, cambiarase este calzado, quedando gardado no armario ubicado neste espacio. Así mesmo, tamén haberá destinado un espazo para o calzado do persoal.

As persoas usuarias estarán divididas en dous grupos de máximo 10/12 persoas.

Entre os membros do grupo manterase unha distancia mínima de 1,5 metros. **De non ser posible o mantemento das distancias entre os/as membros do grupo, extremaranse as medidas hixiénicas.**

De detectar un risco alto de contaxio dalgunha persoa usuaria porque non se poden manter as medidas preventivas, nin de distancia, nin de uso de máscaras ou tapa bocas, nin de medidas



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

hixiénicas de lavado de mans, proporase á coordinadora do Plan (Psicóloga) a valoración da non asistencia ao centro da persoa usuaria que supoña risco. Elaborarase por parte dos/das profesionais de referencia un informe motivado (Anexo VII).

Asignarase a cada grupo (mañá e tarde) un cuarto de baño. Tralo uso de cada persoa usuaria ou profesional, desinfectarase a taza de wc e os obxectos que toque a persoa. Sempre que vaia ao cuarto de baño unha persoa usuaria autónoma recordaráselle que toque o menos posible e que avise cando remate para a desinfección.

Disporase de xel hidroalcolico na entrada do centro, nos despachos e nas estancias comúns do mesmo.

Material de hixiene de mans nos cuartos de baño: papel secamáns e dosificador con xabón, así como papeleira con pedal.

Nas mesas da merenda non se utilizará ningún obxecto que poida ser manipulado polas persoas usuarias como servilleteiros, xarras de auga, etc. En calquera caso, desinfectaranse as mesas cada vez que sexan usadas.

Distribución aforo centro:

- Sala 1: 10/12 persoas usuarias
- Sala 2: 10/12 persoas usuarias

Actividades en sala:

A disposición das cadeiras e mesas garantirá unha separación de 1,5 metros entre persoas usuarias de ser posible; no caso contrario, extremaranse as medidas de hixiene precisas. Neste caso tense que optar pola segunda opción.

As mesas poderán dispor de metacrilatos para poder compartirse.

As persoas usuarias ubicaranse sempre nas mesmas mesas e cadeiras.

O material empregado será de uso individual sempre que sexa posible.

Os desprazamentos serán realizados de un en un.

As persoas usuarias realizarán hixiene de mans con solución hidroalcohólica ou lavado de mans entre actividade e actividade.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Servizo de transporte:

Realizarase hixiene de mans antes de entrar ao vehículo sempre que sexa posible.

O condutor utilizará máscara e sempre que teña que manexar documentación fará uso de bolígrafo propio. Deberá extremar as medidas de hixiene: lavarse as mans con frecuencia e sempre que salga do vehículo (para o que deberá previamente abastecerse de xel hidroalcohólico), e evitar tocarse a cara e reducir contactos interpersoais.

No vehículo deberá dispoñerse de xel hidroalcohólico tanto para para o uso das persoas usuarias como das traballadoras.

No transporte adaptado de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse dúas persoas por cada fila de asentos, debendo usarse sempre máscaras e respetando a máxima distancia posible entre ocupantes.

Cando non sexa posible o uso de mascara, realizaranse os traslados necesarios para garantir a seguridade e as medidas de distanciamento.

O condutor ou a persoa auxiliar que lle poida acompañar, axudará ao usuario no seu acceso e abandono do vehículo, minimizando o contacto físico, que se reducirá ao estritamente necesario para asegurar o seu benestar.

Antes de acceder ao vehículo, os responsables do transporte tomarán a temperatura ao usuario, e preguntarán ao familiar cuidador polo estado de saúde do mesmo. En caso de presentar febre ou calquera síntoma, non se poderá acceder ao servizo da asociación e retornará ao seu domicilio. En caso de presentar temperatura corporal normal, procederase a lavarlle as mans ao usuario cun xel hidroalcohólico antes do seu acceso.

Os usuarios do transporte deberán utilizar máscara, especialmente no caso de que non poida garantirse unha distancia interpersoal de dous metros.

O vehículo ventilarase frecuentemente e procurarase unha adecuada renovación de aire cando estea a prestar o servizo de transporte, sen molestar aos usuarios.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Á chegada ao centro, baixarase do vehículo e accederase ao centro de un en un (traballador + persoa usuaria).

O vehículo aparcarase o máis próximo á porta de entrada posible (na praza habilitada), evitando así desprazamentos pola rúa tanto das persoas usuarias coma do persoal traballador.

Despois de realizar cada servizo de transporte, o condutor desinfectará o vehículo seguindo estes pasos:

- Limpar cun pano desbotable o volante, pomo da panca de cambios, cadro de mandos, repousabrazos e asento, portelos, tiradores de portas, pasamáns e varandas e todas aquelas zonas susceptibles a contacto.
- Recoméndase usar un axente desinfectante e finalmente secar moi ben todas as superficies, evitando que poidan quedar zonas húmidas. Empregaranse os produtos proporcionados pola empresa, OXI-VIRIN (inclusive para os asentos do vehículo), ou Sanytol/Disiclin ou outros produtos autorizados para as superficies. Esta limpeza quedará rexistrada no *Anexo VIII. Rexistro limpeza-desinfección vehículo*.
- O condutor realizará unha desinfección (toalla con alcohol ou algún desinfectante de amplo espectro) entre servizo e servizo dentro e fóra do vehículo.

Hora da merenda:

Na hora da merenda as persoas usuarias sentaranse en mesas individuais con separación de 1,5 metros entre elas, ou con mamparas como separadores.

Uso de mascarillas e pantallas de protección por parte de traballadores durante o servizo de merenda.

En caso necesario, realizarase o servizo de merenda por turnos. Entre turno e turno realizarase limpeza e desinfección da zona con auga con lixivia. A ubicación nas mesas das persoas do segundo turno con respecto ás do primeiro será diferente sempre que sexa posible.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

3. ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS

Recomendacións xerais:

Manterase o horario habitual do centro.

Cada grupo de persoas usuarias (10/12 persoas como máximo) será atendido, sempre e cando sexa posible, polos/as mesmo/as profesionais.

Informarase ás familias de que no caso de que a persoa usuaria teña síntomas compatibles coa COVID-19 non pode acudir ao centro e deberá informar inmediatamente á coordinadora do Plan.

Distribuirase unha **Guía para as familias** ca información relevante neste Plan, co fin de concienciar na prevención do contaxio da COVID-19 e obter a súa necesaria colaboración para o cumprimento do mesmo.

Quedan suspendidas as actividades externas que supoñan desprazamento de persoas usuarias.

Quedan suspendidas as actividades dentro do centro que supoñan a entrada de persoas alleas ao mesmo.

Extremarase a hixiene de mans e manterase a distancia de seguridade entre os/as membros de cada grupo sempre que sexa posible.

Para a atención das persoas usuarias no baño, utilizarase máscara e pantalla por parte da persoa traballadora.

Programaranse actividades de educación para a saúde na prevención de contaxios da COVID-19, sen perxuízo do continuo reforzo dos/as profesionais durante a atención.

Adaptarase o cronograma de actividades e o plan de traballo do centro ás circunstancias actuais, **buscando o equilibrio entre a prevención e unha atención de calidade tendo en conta os valores do centro e a filosofía de traballo.** O cronograma e o plan de traballo anexaranse ao Plan de Actuación.

No caso de realizar actividades manipulativas débense extremar as precaucións e desinfectar os materiais tras o seu uso.





PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Control da sintomatoloxía asociada á COVID-19 (tose, febre, sensación de falta de aire, así como nalgúns casos síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal) mediante o rexistro de temperaturas. Farase á entrada e á saída do centro, e no caso de detectar alteración do estado normal da persoa, así como manifestación de sintomatoloxía, rexistrarase tamén no libro de incidencias do mesmo. No caso de detectar síntomas, seguiranse as indicacións do ESCENARIO 2.

Apoio para o cumprimento das medidas de autoprotección (hixiene respiratoria e de mans) naquelas persoas usuarias que precisen apoio: Desinfección ou lavado de mans antes e despois de cada comida, antes e despois de acudir ao cuarto de baño e despois de manipular calquera obxecto.

Verificar e insistir no cumprimento das medidas de autoprotección (hixiene respiratoria e de mans) naquelas persoas usuarias independentes.

4. LIMPEZA

Elaborarase un novo plan de limpeza que conteña as recomendacións que a continuación se detallan, aplicadas á particularidade do centro. As recomendacións son:

Porase na entrada unha almohadilla empapada en desinfectante para o calzado ou ben aplicarse desinfectante directamente sobre o calzado.

Lavaranse as mans cada vez que cambiemos de estancia ou de espazo ocupado por un grupo de persoas usuarias.

Estableceranse programas intensificados de limpeza no centro (*Anexo IX. Rexistro limpeza-desinfección centro*), con especial atención ás zonas onde poidan transitar maior número de persoas e as superficies de contacto frecuente como varandas e pasamáns, botóns, pomos de portas, mesas etc. Tamén se incluírá a ventilación de habitacións e espazos comúns. Estes programas serán obxecto de avaliación na inspección de servizos sociais.

Reforzarase a limpeza das instalacións, especialmente nas zonas susceptibles de transmisión do virus con produtos desinfectantes. Nomeadamente pomos de portas, chaves da luz, timbres, teléfonos inalámbricos, teclados e ratos de ordenador. Nestes lugares o virus pode permanecer horas ou días.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Desinfectaranse os cuartos de baño cada vez que sexan usados con auga e lixivia, que estará a disposición no cuarto de limpeza. A auga do cubo cambiarase con frecuencia. Esta desinfección frecuente non é preciso rexistrala. Todo o persoal deberá apoiar nesta labor aos/ás profesionais específicos/as desta encomenda.

Extremarase a desinfección nas superficies de contacto, mesas, cadeiras, sofás, etc. Establecerase no plan de limpeza unha periodicidade que será como mínimo dúas veces no día. Todo o persoal deberá apoiar nesta labor aos/ás profesionais específicos/as desta encomenda. Cada traballadora será responsable de desinfectar os equipos que utilice tras o seu uso (teclado ordenador, rato, teléfono...)

Ventilaranse as dependencias do centro dúas veces ao día.

A limpeza farase en húmido, con desinfectante axeitado. Non se varrerá para non levantar pó, posto que podemos devolver os virus depositados nas superficies ao aire e aumentar o risco de contaxio.

É importante deixar o menor grao de humidade nas superficies, pero se deixarán secar ao aire.

Os produtos de limpeza recomendados son auga, xabón de superficie, lixivia e desinfectante de superficies. Existe evidencia de que a COVID-19 se inactiva en contacto cunha solución de hipoclorito sódico cunha concentración ao 0'1% nun minuto.

Empregaranse os deterxentes e desinfectantes habituais autorizados para tal fin, como Sanytol/Disiclin ou Oxi-Virin ou produtos de iguais características.

Non se permitirá a entrada nas dependencias con superficies húmidas ata que sequen.

Os utensilios de comida de persoas usuarias (vaixela, cubertos, vasos, etc.), tal e como se fai habitualmente, lavarase no lavavaixelas a unha temperatura mínima de 60 °, sen excepción.

Utilizaranse os produtos de limpeza habituais na zona de manipulación de alimentos.

Reforzase a limpeza a fondo dos cuartos de baño que inclúa todas as pezas, chan e azulexos, sen perxuízo da desinfección de superficies de contacto tralo seu uso.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

5. XESTIÓN DE RESIDUOS

Todo o lixo que poida ter estado en contacto con fluídos corporais retirárase en bolsa pechada.

O lixo en contacto con fluídos corporais (saliva, mocos) desbotárase a unha papeleira con tapa e pedal que terá bolsa.

Retíranse, alomenos cada día, as bolsas de lixo de cada papeleira.

As bolsas de lixo permanecerán o menor tempo posible dentro do centro; levaranse ao contenedor o antes posible.

A xestión dos residuos ordinario continuará realizándose do modo habitual, respectando os protocolos de separación de residuos.

Dispoñeranse nos aseos, cociña e sala de fisioterapia papeleiras con tapa e pedal para depositar panos e outros materiais desbotables que deberán ser limpadas de forma frecuente.

Recoméndase que os panos desbotables que o persoal empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da “etiqueta respiratoria” sexan refugados en papeleiras ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un traballador presente síntomas mentres se atope no seu posto de traballo, será preciso illar o contedor onde depositase panos ou outros produtos usados. Esta bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

6. XESTIÓN DE MATERIAL

A profesional designada do centro (Psicóloga) encargárase de revisar o stock de material necesario para a limpeza e desinfección do centro. O control de stock do material de protección será responsabilidade da coordinadora do Plan. Elaboraranse rexistros para a xestión dos stocks (***Ver Anexo X. Inventario equipos de protección individual***).

Material recomendable:

- Material de hixiente persoal:
 - Xabón de mans
 - Xel hidroalcolico
 - Bobina seca mans
 - Bolsas lixo plástico
 - Papeleiras con tapa e con apertura a pedal
 - Material de limpeza e desinfección do centro
 - Deterxente multisuperficies.
 - Hipoclorito sódico ou desinfectante recomendado
- Material de protección
 - Luvas
 - Máscaras
 - Batas
 - Calzas
 - Pantallas protectoras
 - Termómetros de infravermellos



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

Medidas para o persoal e Equipos de Protección Individual (EPIS):

A coordinadora do centro (Psicóloga) será a persoa de referencia en cada centro para garantir o uso correcto dos EPIS en función das necesidades de atención de persoas usuarias e para realizar o inventario destes.



Seguir as instrucións do protocolo de utilización dos diferentes tipos de EPIS (mascaras, luvas, batas, etc.) especificando a práctica na que se usa cada tipo (Ver documentación de MAYPE).

Control semanal polo persoal responsable de aprovisionamento do centros do inventario e das necesidades de EPIS para a atención de casos sospeitosos (**Ver Anexo X. Inventario equipos de protección individual**)

Asegurar a posibilidade de cumprimento de medidas provisionais de reutilización de EPIS en caso de desabastecemento.

7. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS DO PERSOAL

A transmisión da COVID-19 ten como mecanismo principal de transmisión gotas respiratorias maiores a 5 micras (Pflügge) que probablemente non se manteñen suspendidas no aire máis de 20 minutos, logo depositanse en superficies a menos de 1-2 metros, e tamén polo contacto directo con mucosas con secrecións. Por isto, o risco de transmisión polo persoal e cara o persoal existe. Neste sentido cobra especial importancia seguir as medidas de prevención e control descritas neste Plan.

Todo o persoal do centro debe seguir as medidas recollidas neste Plan para reducir a difusión da COVID-19 entre as persoas que teñen contacto, e buscar consello médico cando a situación o precise.

Control de temperatura á entrada e á saída da quenda (**Anexo V. Medida de temperatura diaria con termómetro infravermello**).

Lavar/Desinfectar as mans frecuentemente tal e como aparece na cartelería dos cuartos de baño. Como mínimo á entrada ao centro e tras a atención con contacto a calquera persoa usuaria.

Uso de máscara cirúrxica durante a xornada laboral e, durante o servizo de comedor, empregárase



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

ademais pantalla protectora. Usarase unha máscara por quenda, rematada a cal se desbotará.

Cubrir a boca e o nariz ao tusir e esberrar con panos de papel e tiralos ao lixo tras un uso e despois lavar/desinfectar as mans. Pódese tamén tusir co cóbado flexionado para evitar a contaminación das mans.

Evitar tocar coas mans os ollos, o nariz ou a boca.

ESCENARIO 2: SOSPEITA DE INFECCIÓN DUNHA PERSOA USUARIA

1. ENTRADA/SAÍDA CENTRO

1.1. PERSOAS USUARIAS: Caso sospeitoso fóra do centro

No suposto de que a persoa usuaria ou a súa familia comunique algún síntoma compatible coa COVID-19, indicáraselle que debe de poñerse en contacto cos servizos sanitarios e proceder segundo as súas indicacións. Asemade, dende o centro poñerémonos en contacto cos servizos sanitarios de referencia para trasladarlle a situación e seguiremos as súas indicacións en canto a asistencia das persoas usuarias do grupo da persoa que ten síntomas.

Os/as profesionais de referencia farán o seguemento dos casos e manterán informada á coordinadora do Plan (Psicóloga) para, de ser o caso, reiniciar o servizo das persoas que se confirme que non padecen a enfermidade.

1.2. PERSOAS USUARIAS: Caso sospeitoso á entrada ao centro

Se na entrada ao centro no control de síntomas se detectan nunha persoa usuaria síntomas compatibles coa COVID-19 (febre, tose ou dificultade respiratoria) avisarase inmediatamente á familia. No caso de ser unha persoa usuaria de transporte para que veñan a recollelo, ou no caso de que o traia a familia indicáraselle que non pode quedarse.

Se a persoa usuaria ten síntomas graves que requiran de atención urxente, avisarase ao 061 para que sexa atendida e a continuación informarase á familia.

Dende o centro poñerémonos en contacto cos servizos sanitarios de referencia para trasladarlle a situación e seguiremos as súas indicacións en canto a asistencia das persoas usuarias do grupo da persoa que ten síntomas.

Os/as profesionais de referencia farán o seguemento dos casos e manterán informada á



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

coordinadora do Plan (Psicóloga) para, de ser o caso, reiniciar o servizo das persoas que se confirme que non padecen a enfermidade.

2. ADECUACIÓN DE ESPAZOS

Manter as medidas do escenario 1.

Adecuarase a sala de fisioterapia para poder illar a persoas usuarias no caso de sospeita de infección. Esta zona está indicada como zona de illamento ou zona covid 19.

Na estancia haberá un cubo con tapa e pedal con dobre bolsa. Colocarase material de hixiene para as persoas usuarias por se se precisara durante o illamento e evitar así entradas e saídas do persoal.

3. ATENCIÓN A PERSOAS USUARIAS

Síntomas da COVID-19

Os síntomas máis comúns da nova enfermidade por coronavirus (COVID-19) son: febre, tose e sensación de falta de aire. Nalgúns casos tamén pode haber síntomas dixestivos como diarrea e dor abdominal. A maior parte dos casos presentan síntomas leves.

Caso sospeitoso á entrada ao centro

Se a persoa usuaria ven no transporte, acompañarémola á estancia destinada a tal fin ata que a familia veña a buscala. Se a persoa precisa atención sanitaria urxente chamarase ao 061 e seguiranse as súas indicacións, mantendo informada á familia.

Se non a ten xa, colocaráselle unha máscara se é posible.

O persoal que atenda á persoa colocará bata, máscara de protección, guantes e pantalla protectora e permanecerá coa persoa usuaria na estancia de illamento, e outro/a profesional estará fóra por si precisa axuda ou algún material.

Se non foi preciso o traslado aos servizos sanitarios e é a familia a que fará o traslado, esperará na entrada e o persoal achegará a persoa usuaria axudando se é necesario para o traslado ao vehículo.

As profesionais de referencia farán seguemento da persoa usuaria e manterán informada á coordinadora do Plan (Psicóloga). En todo caso as persoas non poderán regresar ao centro ata que



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

se confirme que non padecen a enfermidade.

A coordinadora do Plan identificará e transmitirá a Saúde Pública aqueles datos que se lle requiran.

Caso durante a estancia no centro

Se durante a estancia no centro, no control de síntomas, se detectara algún en algunha persoa usuaria, separarase inmediatamente do grupo e levarase á sala de fisioterapia (zona de illamento ou zona covid-19). Colocaráselle a máscara. O resto do grupo permanecerá na estancia que ten destinada.

Poñerémonos en contacto cos servizos sanitarios e seguiremos as súas indicacións.

Se a persoa que ten síntomas precisa atención sanitaria urxente, chamarase ao 061 e seguiremos as súas indicacións, mantendo informada á familia.

A persoa usuaria con síntomas compatibles coa COVID-19 será atendida por unha das traballadoras que atenden ao grupo ao que pertence.

A traballadora que atenda á persoa usuaria colocará os EPIS (bata, dobre guante, máscara protectora, calzas e pantalla). Acompañará á sala de fisioterapia (zona de illamento ou covid-19) e permanecerá con ela ata que veñan a buscala ou sexa atendida polos servizos sanitarios.

Se é a familia quen recolle no centro á persoa usuaria, a profesional vestida cos EPIS acompañará á porta a persoa usuaria.

As profesionais de referencia farán seguemento da persoa usuaria e manterán informada á coordinadora do Plan (Psicóloga). En todo caso as persoas usuarias non poderán regresar ao centro ata que así nos sexa indicado polos servizos sanitarios de referencia.

A coordinadora do Plan identificará e transmitirá a Saúde Pública todos aqueles datos que se lle requiran.

4. LIMPEZA

Ademais das instrucións do escenario 1:

- Limpeza e desinfección a fondo da sala de fisioterapia tras o seu uso.
- Limpeza e desinfección a fondo das estancias nas que estiveron as persoas que teñan síntomas.



PLAN DE ACTUACIÓN AGADEA
Centro de Estimulación Terapéutica
Santiago de Compostela
E-818-C-001
Situación excepcional Covid19

Data: 13/07/2020
Revisión: 00

- Limpeza e desinfección do traxecto de saída das persoas usuarias.

5. ELIMINACIÓN DE RESIDUOS

Ademais das medidas do escenario 1, colocarase na papeleira da sala de fisioterapia (zona de illamento ou covid-19) dobre bolsa. Unha vez libre a estancia retirarase inmediatamente a bolsa e desbotarase.

6. XESTIÓN DE MATERIAL

A xestión será a mesma que a do escenario 1.

7. MEDIDAS DE PREVENCIÓN DE RISCOS DO PERSOAL

Ademais das instrucións do escenario 1:

A persoa que atenda á persoa usuaria usará bata, dobre guante, máscara protectora e pantalla de protección.

Unha vez que a persoa usuaria con sospeita de COVID-19 xa non está no centro, a traballadora quitará os EPIS dentro da estancia de illamento, desbotaraos no cubo con tapa e dirixirase ao baño de persoal e vestiario para ducharse e cambiar o uniforme.

Cando se realice a limpeza desta estancia colocarase tamén EPIS, cando remate desbotaranse na papeleira de dentro da estancia e desbotaranse en dobre bolsa xunto co resto de lixo.

A secuencia de posta de EPI é: hixiene de mans, colocación do EPI por esta orde sen tocar nariz, boca ou ollos: máscara, bata e luvas.

A secuencia de retirada de EPI é: retirada de luvas, hixiene de mans, retirada de bata, máscara e hixiene de mans.

Se algunha persoa traballadora presentara síntomas durante a súa quenda, avisará á coordinadora do Plan (Psicóloga), porase en contacto inmediatamente cos servizos sanitarios e seguirá as súas indicacións. Manterá informada á coordinadora do Plan.

Se a persoa traballadora con síntomas precisara atención sanitaria urxente, usarase a sala de fisioterapia (zona de illamento ou covid-19) para a súa atención.